

**INSERCIÓN LABORAL DO ALUMNADO DE FORMACIÓN  
PROFESIONAL QUE REMATOU OS SEUS ESTUDOS  
NO CURSO 2013-2014**





Título:

Inserción laboral do alumnado de formación profesional que rematou os seus estudos no curso 2013-14

Financia:

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Elabora:

IDEARA S.L.

Edita:

IDEARA S.L.

Lugar e data:

Santiago de Compostela, Xullo de 2016

Fonte imaxes portada:

<http://es.123rf.com>. Autor: goodluz.



# ÍNDICE

ÍNDICE .....	3
1. PRESENTACIÓN.....	7
2. RESULTADOS.....	15
2.1. RESUMO DOS PRINCIPAIS RESULTADOS.....	18
2.2. INSERCIÓN LABORAL ACTUAL.....	21
2.3. DESCRICIÓN DO PRIMEIRO EMPREGO.....	28
2.4. DESCRICIÓN DO EMPREGO ACTUAL.....	40
2.5. CONTINUIDADE DOUTROS ESTUDOS .....	52
2.6. ANÁLISE DO CARÁCTER EMPREENDEDOR DAS PERSOAS TITULADAS .....	55
2.7. GRAO DE SATISFACCIÓN COA FORMACIÓN RECIBIDA .....	57
2.8. RESULTADOS COMPARADOS POR FAMILIAS .....	59
2.8.1. Actividades físicas e deportivas.....	86
2.8.2. Administración e xestión .....	90
2.8.3. Agraria .....	94
2.8.4. Artes gráficas.....	98
2.8.5. Comercio e márketing .....	102
2.8.6. Edificación e obra civil.....	106
2.8.7. Electricidade e electrónica .....	110
2.8.8. Enerxía e auga .....	114
2.8.9. Fabricación mecánica .....	118
2.8.10. Hostalaría e turismo .....	122
2.8.11. Imaxe e son .....	126
2.8.12. Imaxe persoal .....	130
2.8.13. Industrias alimentarias .....	134
2.8.14. Informática e comunicacións .....	138
2.8.15. Instalación e mantemento .....	142
2.8.16. Madeira, moble e cortiza .....	146
2.8.17. Marítimo-pesqueira.....	150
2.8.18. Química .....	154
2.8.19. Sanidade .....	158
2.8.20. Servizos socioculturais e á comunidade .....	162
2.8.21. Têxtil, confección e pel.....	166
2.8.22. Transporte e mantemento de vehículos .....	170
2.9. RESULTADOS POR CICLOS FORMATIVOS .....	174

3. METODOLOXÍA E ANEXOS .....	201
3.1. FICHA TÉCNICA .....	201
3.2. ANEXO I: ÍNDICE DE TÁBOAS E GRÁFICAS.....	203
3.3. ANEXO II: CUESTIONARIO .....	208
3.4. ANEXO III: DESCRICIÓN DA MOSTRA .....	218

# PRESENTACIÓN |





## 1. PRESENTACIÓN

O sistema de formación profesional engloba un conxunto de ensinanzas ou accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das diversas profesións. Inclúe as ensinanzas propias da formación profesional inicial ou regrada, as accións de inserción e reinserción laboral das persoas desempregadas (formación profesional ocupacional) e as accións encamiñadas á adquisición e actualización permanente das competencias profesionais das persoas traballadoras (formación profesional continua).

Os ciclos formativos de formación profesional ordinaria constitúen un eixe estratéxico para axudar na inserción laboral dos mozos e mozas, así como de calquera persoa que queira mellorar a súa situación no mercado de traballo. Non van dirixidos só á xente moza na etapa previa á primeira incorporación ao mercado de traballo senón que están a mellorar a capacitación ou reorientar as carreiras profesionais de persoas de todas as idades.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, programa desde hai anos a realización de estudos para coñecer a realidade laboral das persoas tituladas de ciclos de FP ordinarios en Galicia tras cada curso escolar. A súa finalidade é avaliar o grao de consecución dos obxectivos fundamentais da Formación Profesional, en especial coñecer a situación laboral e as vías de adquisición de emprego dos titulados/as da FP transcorrido un tempo desde o remate dos seus estudos, así como a traxectoria formativa escollida por estes/as e que serve como referente a ter en conta pola Administración educativa para a planificación da oferta de formación profesional para vindeiros cursos.

O presente informe amosa os resultados acadados para o estudo de **inserción laboral do alumnado de formación profesional ordinaria que rematou os seus estudos en Galicia no curso 2013-2014**. Trátase de 12.242 de persoas que foron seleccionadas aleatoriamente para completar as mostras seleccionadas por xénero e ciclo formativo.

As informacións compiláronse mediante a realización dunha enquisa telefónica, como en edicións anteriores, e por primeira vez tamén online. A enquisa aplicouse sobre unha mostra representativa que permite coñecer os datos de inserción laboral desagregados por familias profesionais, grao dos ciclos, xénero e zona. O deseño mostral tamén asegura a representatividade dos ciclos formativos individualmente. Concretamente, realizáronse 2990 entrevistas completas, que abranguen todas as familias profesionais e ciclos formativos nos que había alumnos que remataron os seus estudos no curso de referencia.


Esta operación estatística atópase recollida no Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia de 2016 (Decreto 185/2015 do 23 de decembro, a presente operación é descrita no apartado 2.3.6 dos anexos do decreto).

- **Mercado laboral en Galicia**

Comézase realizando unha pequena descrición da situación do mercado laboral en Galicia no ano 2016. Estes datos servirán para contextualizar e comparar os resultados que máis adiante se detallarán sobre a inserción laboral dos titulados e tituladas de Formación Profesional.

Segundo as fontes estatísticas de referencia, a taxa de paro no primeiro trimestre de 2016 en Galicia é do 18,2%<sup>1</sup>. É máis alta entre as mulleres (18,9%) ca entre os homes (17,6%). Estas cifras non dan conta das grandes diferenzas que existen por idades, como se amosa na seguinte gráfica. Entre os 20 e 34 anos obsérvanse taxas de paro moi superiores ao resto de idade, e as diferenzas entre homes e mulleres é máis significativa (ata o 8%) no mesmo tramo de idade.

Figura 1. Taxa de paro por tramos de idade



A taxa de paro defínese como a porcentaxe de persoas que non teñen emprego pero están dispoñibles para traballar e búscano activamente sobre o total de persoas activas. Non son activos os que, aínda sen traballar, non están en disposición de facelo ou non estiveron activamente na busca de emprego. É importante ter en conta estes matices metodolóxicos porque a taxa de paro é unha proporción sobre unha poboación (os activos) que pode variar e así afectar ás taxas de paro.

A taxa de paro xuvenil é a que afecta ás persoas de 16 a 29 anos, por tanto está moi relacionada coa poboación que é obxecto do presente estudo. Entre 2014 e 2015 obsérvase una significativa redución da taxa de paro xuvenil, a pesares de que a taxa de ocupación apenas aumentou (do 34,1 ao 35%)<sup>2</sup>.

A explicación de que se reduza o paro sen aumentar a ocupación pode deberse á diminución da poboación activa (máis persoas estudando ou sen buscar emprego) ou á redución da poboación total (movementos migratorios ou consecuencias dunha pirámide demográfica avellentada, en que se incorpora ao tramo menos xente moza da que deixa de selo).

<sup>1</sup> Fonte IGE: datos da Enquisa e Poboación Activa

<sup>2</sup> A taxa de ocupación é a porcentaxe dos que traballan sobre a potencialmente activa (en idade de traballar, incluídos activos e inactivos).



Figura 2. Evolución da taxa de paro xuvenil (16 - 29) en Galicia. Fonte EPA<sup>3</sup>

Figura 3. Táboa. Taxa de ocupación das persoas traballadoras en Galicia por Grupos de idade: 1º trimestre de 2016. Fonte EPA-IGE

	Poboación total	Ocupados (miles)	Taxa de ocupación
16 a 19	82632	3,1	3,8%
20 a 24	119855	31,8	26,5%
25 a 29	140176	82,4	58,8%
30 ou máis anos	2042735	903,8	44,2%

Na seguinte gráfica observouse nitidamente como a redución da taxa de paro xuvenil de 2014 a 2015 non se debe a un aumento do número de ocupados (liña vermella) senón principalmente á diminución da poboación total e ao aumento dos inactivos. A poboación diminúe por factores demográficos ou migratorios. Os inactivos poden aumentar debido a que hai máis estudantes ou persoas que deixaron de buscar emprego.

Figura 4. Miles de ocupados, parados, activos e inactivos xuvenís. Fonte EPA




En conclusión, a menor taxa de paro de 2015 está producida en maior medida por diminución da poboación activa que por un amento de ocupados.

<sup>3</sup> Os datos de 2016 refírense ao 1º trimestre nesta e sucesivas gráficas. A taxa de actividade é o cociente do número de activos (traballando e buscando Emprego) sobre a poboación total do rango de idade.

- **A Formación Profesional en Galicia**


Ven de indicarse que a redución da taxa de desemprego pode gardar relación cunha diminución da taxa de actividade. A concienciación na necesidade por formarse ou as dificultades para obter emprego poden animar a máis persoas a seguir estudando ou desprazarse a outras comunidades. En efecto, ao longo do informe observarase unha tendencia crecente a continuar estudando entre as persoas tituladas de FP. As persoas matriculados en formación profesional regrada en réxime ordinario en Galicia nos últimos anos descríbense na seguinte gráfica.

**Figura 5. Alumnos matriculados en Galicia en ciclo formativo de grao medio e grao superior, réxime ordinario. Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.**




No caso dos matriculados en ensinanzas universitarias a evolución é a oposta, presenta unha notoria tendencia á baixa o número de matriculados nas universidades galegas.

**Figura 6. Alumnos matriculados nas universidades galegas. Fonte IGE**




**Figura 7. Emigración e Inmigración de 16 a 29 anos en Galicia. Fonte IGE**



A tendencia á baixa da poboación activa debe buscarse en cambios a nivel sociodemográfico, tanto nas taxas de natalidade como nos movementos migratorios e tendencia a pasar máis anos estudando. A pirámide de poboación de Galicia (pirámide invertida) fai que cada ano se incorporen á idade de traballar menos mozos e mozas. Por outra banda, mantense un fluxo emigratorio estable ou á baixa entre mozos de 16 a 29 anos mentres que a inmigración diminuíu considerablemente nos últimos anos.

Todos estes indicadores explican como en Galicia, cun valor absoluto de persoas ocupadas que apenas aumenta, existe unha redución da taxa de paro no último período dispoñible: 2014-2015.

**Figura 8. Poboación total en Galicia de 16 a 29 anos. Fonte IGE.**





# RESULTADOS |





## 2. RESULTADOS

Os resultados da enquisa de *Inserción laboral dos titulados/as de FP do curso 2013-2014 en Galicia* preséntanse comezando polos datos xerais (resultados globais de todos os titulados) e posteriormente detállanse os resultados de forma desagregada (inserción laboral por xénero, familia e ciclo).

A recollida desta información prodúcese **dous anos despois** de que a persoa titulada rematase a formación que a conduciu a obter o título, permitindo deste xeito coñecer o nivel de inserción laboral desde unha perspectiva temporal máis significativa.

O cuestionario en que se poderá consultar as definicións literais das preguntas e categorías de resposta que se utilizan na enquisa poden consultarse no anexo II do documento. A redacción do mesmo respecta a que se utilizou dous anos atrás, de cara a garantir a continuidade temporal da serie estatística.

Ao transcorrer dous anos pódese realizar unha análise dende unha perspectiva diacrónica, evolutiva porque pode diferenciarse a forma de inserción no mercado e a súa consolidación, abandono ou volta aos estudos. Tomáronse datos sobre o acceso e características do **primeiro emprego** e do **emprego actual** das persoas tituladas. Cando se fale do “emprego actual” faise referencia ao emprego que ten o titulado/a en xuño de 2016, cando se realiza a enquisa. No caso de que o emprego actual sexa o mesmo que o primeiro, será analizado como “emprego actual”, porque o obxectivo principal do estudo é coñecer o grao de inserción e **situación laboral actual**, dous anos despois de obter a titulación de formación profesional.

Antes de continuar con esta breve introdución sobre a exposición dos resultados, cabe facer un inciso para aclarar dous conceptos relevantes. No que se refire á situación laboral actual do titulado/a, considérase “**persoa traballadora**” a aquela que ten un traballo por conta allea ou exerce unha actividade por conta propia:

*Son as persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, podendo estar durante esa semana: - Traballando polo menos unha hora a cambio dun soldo, salario, beneficio empresarial ou ganancia familiar, en metálico ou en especie. - Con emprego pero sen traballar, é dicir, ausentes do seu traballo por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas ou outras razóns análogas. Tamén se consideran dentro desta categoría as persoas que, estando suspendidas ou separadas do seu emprego como consecuencia dunha regulación de emprego, esperan reincorporarse á súa empresa. Os ocupados clasifícanse segundo o tipo de xornada laboral en: traballando a tempo completo e a tempo parcial. A base para esta clasificación é a propia declaración do entrevistado, aínda que non se pode considerar traballo a tempo parcial o que habitualmente supera as trinta e cinco horas semana.<sup>4</sup>*

Pola contra, unha **persoa en situación de paro** é definida polo INE para a operación da EPA como:

<sup>4</sup> As definicións proceden da metodoloxía da EPA, citada polo IGE:  
[http://ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_EPA\\_2005\\_Dupli\\_gl.pdf](http://ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_EPA_2005_Dupli_gl.pdf)

*Considéranse paradas todas aquelas persoas de 16 ou máis anos, que durante a semana de referencia estiveron simultaneamente: - Sen traballo, é dicir, que non tiveron emprego por conta allea ou por conta propia durante a semana de referencia. - Na procura de traballo, é dicir, que tomaron medidas concretas para buscar un traballo por conta allea ou fixeron xestións para establecerse pola súa conta durante o mes precedente. - Disponíbeles para traballar, é dicir, en condicións de comezar a facelo nun prazo de dúas semanas a partir da data da entrevista. Tamén se inclúen entre as persoas paradas aquelas que na semana de referencia estiveron sen traballo, disponíbeles para traballar dentro das dúas semanas posteriores á da data da entrevista e á espera de se poderen incorporar a un novo traballo nunha data posterior á semana de referencia. Así mesmo, son paradas as persoas ausentes do traballo como consecuencia dunha suspensión por regulación de emprego que non crean poder incorporarse á empresa e buscaron traballo e están disponíbeles para desempeñalo. Aínda que a definición formal de paro non cambia, pois segue as directrices da Organización Internacional do Traballo (OIT), a partir do primeiro trimestre de 2002 entra en vigor o Regulamento 1897/2000 da Comisión Europea que introduce novas instrucións sobre cómo interpretar a busca activa de traballo. Segundo dito Regulamento, considéranse métodos activos de busca, nas catro semanas anteriores á entrevista, os seguintes: - Estar en contacto cunha oficina pública de emprego co fin de encontrar traballo, calquera que sexa a parte que tomase a iniciativa (a renovación da inscrición por razóns puramente administrativas non constitúe un planteamento activo). - Estar en contacto cunha oficina privada (oficina de emprego temporal, empresa especializada en contratación...) co fin de atopar traballo. - Enviar unha candidatura directamente aos empregadores. - Indagar a través de relacións persoais, por mediación de sindicatos... - Anunciarse ou responder a anuncios de periódicos. - Estudar as ofertas de emprego. - Participar nunha proba, concurso ou entrevista, no marco dun procedemento de contratación. - Buscar terreos, locais ou material. - Realizar xestións para obter permisos, licenzas ou recursos financeiros.<sup>5</sup>*

Esta definición implica que unha persoa que está estudando pode ser ao mesmo tempo parada, aínda que considere que estudar é a súa ocupación principal. A crave para distinguir eses posibles estados é analizar se cumpre os requisitos sinalados máis arriba, de xeito análogo á Enquisa de Poboación Activa.

Os datos de inserción laboral por familia profesional expóñense comparando nas mesmas gráficas os resultados de todas as familias. Ademais, a maior parte dos resultados expoñeranse desagregados en función do xénero do titulado/a, grupos de idade, grao do ciclo e provincia. No caso da análise por provincia, tómase como referencia a do centro formativo, por considerarse un factor interesante para considerar se a súa distribución é axeitada para a demanda do mercado de traballo. Compárase tamén entre o primeiro emprego e o emprego actual diversas características dos postos que desempeñan. En concreto, os datos que se han analizar no informe serán:

- ✓ Situación laboral actual: nivel de inserción laboral e situación actual dos titulados/as (traballando, estudando ou buscando emprego).

<sup>5</sup> As definicións proceden da metodoloxía da EPA, citada polo IGE:  
[http://ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_EPA\\_2005\\_Dupli\\_gl.pdf](http://ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_EPA_2005_Dupli_gl.pdf)

- ✓ Datos do primeiro emprego e do actual: tempo que se tardou en acceder a el, vía de inserción, sector, modalidade, tipo de contrato e categoría laboral, localización, e relación co ciclo estudado.
- ✓ Continuación doutros estudos e tipoloxía dos mesmos.
- ✓ Espírito emprendedor da persoa titulada: intención de montar unha empresa pola súa conta.
- ✓ Valoración persoal da formación recibida no ciclo formativo cursado.

## 2.1. Resumo dos principais resultados

- **Situación laboral**

O nivel de inserción laboral en 2016 dos activos entre os titulados de 2013-14 é do 76,5%, polo que a taxa de paro queda no 23,5%, mellorando substancialmente os datos do estudo feito dous anos atrás. Por outra banda, o 49,3% de titulados está a traballar, o 15,1% busca emprego e o 35,2% ten como actividade principal “estudar”. O 0,4% de titulados atópase noutra situación (outros non activos) como pode ser as súas labores ou simplemente non está a realizar ningunha actividade das referidas.

Nas comparacións por colectivos pode apreciarse como a partires dos 25 anos redúcese significativamente a taxa de paro,, cunha taxa de inserción superior ao 79%.

A inserción laboral dos homes (77,5%) mellora en case dous puntos á das mulleres. Este contraste é máis acusado ao comparar homes e mulleres titulados/as de grao medio (case 5 puntos) pero invírtese entre as persoas que obtiveron titulacións de grao superior (as mulleres acadan unha inserción laboral 1,4 puntos superior).

A inserción laboral das persoas tituladas en ciclos de grao superior é do 80,9%, case nove puntos máis que no caso dos titulados en ciclos de grao medio.

Os titulados dos centros formativos da provincia de Lugo presentan unha maior taxa de inserción (78,7%), xa que as outras tres provincias sitúanse arredor do 76%.

O 70,6% de titulados de Formación Profesional do curso 2013-2014 obtiveron algún emprego nos dous anos transcorridos ou xa o tiñan. De entre estes, o 68,8% fíxoo en menos de 6 meses.

É significativo apreciar como cada nova edición da enquisa obsérvase a máis proporción de titulados que “xa tiña” emprego antes de comezar o ciclo. Neste caso pasou do 11,9% ao 14%. Este dato indícanos que o perfil do que estuda FP no é só de parados ou inactivos senón, cada vez máis, de persoas que desexan mellorar o seu posto de traballo actual.

- **Primeiro emprego**

A porcentaxe de titulados e tituladas que comezan traballando nun emprego relacionado co ciclo formativo que estudaron é do 54,4%, aínda que o 12,7% considera que o posto que desempeñan é de inferior categoría ao que os capacita o ciclo formativo cursado.

Os titulados de xénero masculino e os de ciclos de grao medio presentan unha taxa de continuidade no sector do ciclo cursado lixeiramente superior ás mulleres e persoas tituladas en ciclos de grao superior. Aínda que as diferenzas non son grandes, por provincias A Coruña supera a media de continuidade (65% de empregos relacionados co ciclo) e por abaixo sitúase Ourense (só o 58,9%).

A vía de acceso ao primeiro emprego a través da empresa onde se realizaron a Formación en Centros de Traballo sitúase no entorno do 27-28% dos casos ao segmentar os datos por xénero, grao do ciclo e provincia excepto no caso de Ourense, onde só acada o 20,3%.

Entre os titulados de FP que non acadaron o traballo na empresa onde se realizou a Formación en Centro de Traballo, a principal vía de inserción no mercado laboral é en todos os grupos o de “contactos persoais e familiares”. Ao xuntalos cos os “contactos profesionais” acada o 40% dos casos e presenta case o dobre de peso como vía de inserción que o seguinte: a “solicitude a iniciativa propia” (23%).

- **Emprego actual**

O 63% de persoas tituladas declara que o emprego que desempeña na actualidade ten relación co ciclo formativo cursado (dous anos máis tarde de rematar os estudos). Esta situación mellora en case 3 puntos o resultado de dous anos atrás (60,5%). Como en toda a serie, o valor é inferior ó do primeiro emprego que desempeñaron tras rematar o ciclo formativo (máis do 64% traballaban no sector).

A inserción laboral dos homes no sector do ciclo cursado supera en máis de 12 puntos á das mulleres. En función do grao do ciclo só se aprecian pequenas diferenzas e os titulados da provincia de Ourense volven amosar peor nivel de inserción (só o 53% dos empregos están relacionados co ciclo cursado).

Igual que acontecía co primeiro emprego, as principais vías de inserción, aparte das empresas onde realizan as prácticas, son *contactos persoais ou profesionais* e *solicitude a iniciativa propia*. As dúas categorías son as máis mencionadas segmentando a mostra por xénero, grao do ciclo e provincia.

O 84,9% de titulados que traballan na actualidade, desempeñan empregos por conta allea no sector privado. Teñen máis representación aquí os homes xa que as mulleres tituladas que traballan teñen maior presenza ca os homes no sector público (+4,7%), e por conta propia (+2,6%). As diferenzas por provincias non son significativas. Os titulados de grao superior teñen maior presenza no sector privado por conta allea e menos no público pero a nivel de autoemprego presentan unha presenza semellante aos ciclos de grao medio.

Pouco máis da metade das persoas tituladas continúan estudando na actualidade, situándose así nun nivel moi semellante ao da enquisa de hai dous anos, pero só o 26,8% considérao a súa actividade principal. Destes estudantes, pouco máis da metade (53,1%) teñen esa formación como actividade principal.

- **Familias profesionais**

Superan 80% de nivel de inserción as familias profesionais de Instalación e Mantemento (85,8%), Fabricación mecánica (84,8%), Servizos socioculturais e á comunidade (80,9%) Marítimo Pesqueira (80,3%) e Enerxía e auga (80,3%).

En ocasión porcentaxe de persoas traballadoras dalgunhas familias profesionais pode semellar baixa pero non se debe a que haxa a unha baixa empregabilidade no sector senón a que a actividade principal é *estudar* para unha proporción elevada dos titulados. Os casos máis significativos nos que se observa ese fenómeno son Actividades físicas e deportivas (42,7% de

estudantes), Imaxe e son (36,5%), e Sanidade (34,4%). Son familias profesionais cunha taxa de ocupación relativamente baixa debido a unha proporción elevada de persoas tituladas que continúan a estudar.

As familias profesionais con maior peso no sector público no primeiro emprego tras o ciclo formativo son as de *Agraria*, e *Servizos socioculturais e á comunidade*. Ambas poden encadrarse entre as de baixo nivel de inserción laboral.

No autoemprego destaca *Madeira, moble e cortiza* e *Agraria*, novamente trátase de familias profesionais con niveis baixos de inserción.

A nivel de continuidade no sector do primeiro emprego que se desempeña, só *Enerxía e auga* está por debaixo do 50%. Trátase dunha familia profesional cun nivel de Inserción laboral relativamente baixa porque os titulados de 2013-14 presentan unha elevada tendencia a continuar estudando. Ten unha taxa de ocupación relativamente alta (considerando só ós activos).

No lado contrario, destaca pola continuidade dos seus titulados no sector do ciclo formativo a familia de *Informática*. Tamén superan o 70% as familias profesionais de *Fabricación mecánica*, *Hostalaría e turismo*, *Imaxe persoal* e *Industrias alimentarias*. Destas, só *Fabricación mecánica* conta con nivel de inserción por enriba da media.


## 2.2. Inserción laboral actual

Na introdución do presente informe xa se presentaron algúns datos positivos sobre a evolución do emprego en Galicia nos últimos dous anos. A Enquisa de Poboación Activa amosa reducións nas taxas de paro dos colectivos de idade máis moza, pero non son tan significativas como as que se presentarán a continuación. Dous anos é o período transcorrido dende o derradeiro estudo de inserción laboral de titulados de Formación Profesional en Galicia, cos que se poderá comparar a presente enquisa.


Ao contabilizar aos activos, inclúense a aqueles que están a estudar, se ao mesmo tempo realizan unha busca activa de emprego e están dispoñibles para exercelo. É así se realiza tamén na estatística oficial de referencia, a EPA.

O nivel de inserción laboral en 2016 dos activos entre os titulados de 2013-14 é do 76,5%, polo que a taxa de paro queda no 23,5%, mellorando substancialmente os datos do estudo feito dous anos atrás. Por outra banda, o 49,3% de titulados está a traballar, o 15,1% busca emprego e o 35,2% ten como actividade principal “estudar”. O 0,4% de titulados atópase noutra situación (outros non activos) como pode ser as súas labores ou simplemente non está a realizar ningunha actividade das referidas.

**Figura 9. Gráfica; inserción laboral dos titulados activos**



**Figura 10. Gráfica; situación laboral das persoas tituladas**




Nas comparacións por colectivos que se ofrecen a continuación pode apreciarse como a partir dos 25 anos redúcese significativamente a taxa de paro.

A inserción laboral dos homes (77,5%) mellora en case dous puntos á das mulleres. Este contraste é máis acusado ao comparar homes e mulleres titulados/as de grao medio (case 5 puntos) pero invértese entre as persoas que obtiveron titulacións de grao superior (as mulleres acadan unha inserción laboral 1,4 puntos superior).


A inserción laboral das persoas tituladas en ciclos de grao superior é do 80,9%, case nove puntos máis que no caso dos titulados en ciclos de grao medio.

Os titulados dos centros formativos da provincia de Lugo presentan unha maior taxa de inserción (78,7%), xa que as outras tres provincias sitúanse arredor do 76%.


**Figura 11. Gráfica; inserción laboral, por tramos de idade**



**Figura 12. Gráfica; inserción laboral, por xénero**




**Figura 13. Gráfica; inserción laboral, por grao do ciclo**







**Figura 14. Gráfica; inserción laboral dos titulado/as de ciclos de grao medio por xénero**



**Figura 15. Gráfica; inserción laboral dos titulado/as de ciclos de grao superior por xénero**



**Figura 16. Gráfica; inserción laboral dos titulado/as por provincia do centro**




- **Desempeño dalgún posto de traballo tras finalizar o ciclo formativo**


O 70,6% de titulados desempeñou algún posto de traballo nos dous anos que transcorreron dende que remataron o ciclo ata a actualidade. Entre os que non obtiveron emprego diferenzas segundo a idade dos titulados son máis acusadas ca nas outras circunstancias laborais, oscilando entre o 40% (menores de 24 anos) e o 16,6% (máis de 30 anos de idade).

A diferenza entre homes e mulleres é agora de 4,6 puntos. Tamén lles vai mellor no mercado laboral aos titulados en ciclos de grao medio que superior (diferenza de 9 puntos) e volve a destacar positivamente o nivel de inserción laboral dos titulados na provincia de Lugo sobre as outras tres, xa que só nun 20% de casos non desempeñaron empregos nos dous anos que pasaron dende que obtiveron a titulación ata que se realizou a enquisas.


**Figura 17. Gráfica; obtivo algún emprego dende que rematou o ciclo formativo**




**Figura 18. Gráfica; obtivo algún emprego dende que rematou o ciclo formativo por idade**




**Figura 19. Gráfica; obtivo algún emprego dende que rematou o ciclo formativo por xénero**



**Figura 20. Gráfica; obtivo algún emprego dende que rematou o ciclo formativo por grao do ciclo**



**Figura 21. Gráfica; obtivo algún emprego dende que rematou o ciclo formativo por provincia do centro**



- **Tempo que tardan en atopar emprego**


No anterior apartado amosouse que máis do 70% de titulados de Formación Profesional do curso 2013-2014 obtiveron algún emprego nos dous anos transcorridos. De entre estes, o 68,8% fíxoo en menos de 6 meses.

É significativo destacar como cada nova edición da enquisa obsérvase a máis proporción de titulados que “xa tiña” emprego antes de comezar o ciclo. Neste caso pasou do 11,9% (dous anos atrás) ao 14%. Este dato indícanos que o perfil do alumno que estuda FP tende a diversificarse, non é só de parados ou inactivos senón, cada vez máis, de persoas que desexan mellorar o seu posto de traballo actual ou mudar de sector. As principais diferenzas por idades derivan do alto porcentaxe que “xa tiña emprego” entre os maiores.


Entre os homes, máis do 54% obtén o emprego de forma inmediata ou antes dos 6 meses, fronte ao 48 % no caso das mulleres.

Novamente, focalizando sobre os que obteñen emprego de forma inmediata e antes dos seis meses, a provincia de Lugo aparece como a máis destacada (57%) a pesares de non ser a provincia na que maior proporción de titulados xa tiña traballo antes de rematar o ciclo formativo que cursou (Ourense e A Coruña presentan mellor taxa).


**Figura 22. Gráfica; tempo que tardou en obter emprego por rangos e acumulados**




**Figura 23. Gráfica; tempo que tardou en obter emprego por idade**




**Figura 24. Gráfica; tempo que tardou en obter emprego por xénero**



**Figura 25. Gráfica; tempo que tardou en obter emprego por grao do ciclo**



**Figura 26. Gráfica; tempo que tardou en obter emprego por provincia do centro**



### 2.3. Descrición do primeiro emprego

Na seguinte táboa amósase a estimación de persoas tituladas totais que obtiveron algún emprego, traballan na actualidade e os que ademais de estar traballando, cambiaron de posto dende que finalizaron o ciclo. Son 2883 titulados e tituladas. Este dato é relevante porque a partir de agora vaise describir o primeiro emprego e o emprego actual.

- ✓ **Primeiro emprego:** persoas tituladas que tiveron un posto de traballo tras rematar os seus estudos, continúen traballando agora noutra empresa ou na mesma pero con outra categoría ou posto, ou que xa non teñen un posto de traballo. (3677+2883).
- ✓ **Emprego actual:** persoas tituladas que están traballando no momento da aplicación da enquisa, sexa ou non no seu primeiro emprego (8060).

**Figura 27. Táboa; tituladas que obtiveron algún emprego, estimación sobre o total de titulados, datos absolutos**


Titulados/as que tiveron algún emprego ao remate do ciclo	Con traballo na actualidade		Que desempeñaron algún emprego anterior ao actual (noutra empresa, categoría ou posto)	
	9168	Si	7.805	Si
			Non	5013
Non		1364		

A porcentaxe de titulados e tituladas que comezan traballando nun emprego relacionado co ciclo formativo que estudaron é do 54,4%, aínda que o 12,7% considera que o posto que desempeñan é de inferior categoría ao que os capacita o ciclo formativo cursado, o restante 51,7% declara que comezan desempeñando o posto para o que se formaron.


Os titulados de xénero masculino e os de ciclos de grao medio presentan unha taxa de continuidade no sector do ciclo cursado lixeiramente superior ás mulleres e persoas tituladas en ciclos de grao superior.

Aínda que as diferenzas non son grandes, por provincias lixeiramente A Coruña (65% de empregos relacionados co ciclo) e por abaixo Ourense (só o 58,9%)


**Figura 28. Gráfica; relación entre o ciclo cursado e o posto desempeñado no primeiro emprego**




**Figura 29. Gráfica; relación entre o ciclo cursado e o posto desempeñado por xénero no primeiro emprego**



**Figura 30. Gráfica; relación entre o ciclo cursado e o posto desempeñado por grao do ciclo no primeiro emprego**



**Figura 31. Gráfica; relación entre o ciclo cursado e o posto desempeñado por provincia do centro no primeiro emprego**




- **Vías de acceso ao primeiro emprego**

A vía de acceso ao primeiro emprego a través da empresa onde se realizaron as prácticas sitúase no entorno do 27-28% dos casos ao segmentar os datos por xénero, grao co ciclo e provincia excepto no caso de Ourense, onde só acada o 20,3%.


Para os titulados de FP que non acadaron o traballo na empresa onde se realizou a Formación en Centro de Traballo, a principal vía de inserción no mercado laboral é en todos os grupos o de *contactos persoais e familiares*. Ao xuntalos cos *contactos profesionais* acada o 40% dos casos e presenta case o dobre de peso como vía de inserción que o seguinte: a *solicitud a iniciativa propia* (23%).

O autoemprego sitúase no 4,4% polo que segue a crecer de forma notable, ante o 2,6% que de incidencia que se detectaba dous anos atrás.

**Figura 32. Gráfica; acceso ao primeiro emprego a través da empresa da FCT**




**Figura 33. Gráfica; outras vías de acceso ao primeiro emprego**







**Figura 34. Gráfica; acceso ao primeiro emprego a través da empresa da FCT por xénero**




**Figura 35. Gráfica; vías de acceso ao primeiro emprego por xénero**




**Figura 36. Gráfica; acceso ao primeiro emprego a través da empresa da FCT por grao do ciclo**




**Figura 37. Gráfica; vías de acceso ao primeiro emprego por grao do ciclo**



**Figura 38. Gráfica; acceso ao primeiro emprego a través da empresa da FCT por provincia do centro**




**Figura 39. Gráfica; vías de acceso ao primeiro emprego por provincia do centro**




• **Modalidade laboral do primeiro emprego**

O traballo por conta allea no sector privado é a modalidade maioritaria no primeiro emprego das persoas tituladas en Formación Profesional en Galicia en 2013-14. Supera o 84% en ambos xéneros, graos do ciclo e provincias. Obsérvase maior presenza de autónomos que nas edicións anteriores da enquisa (4,1%) tendo maior incidencia entre os homes, as persoas tituladas en ciclos de grao medio e na provincia de Ourense. Son tendencias coincidentes co dato do apartado precedente, en que se describía as “vías de inserción no mercado laboral”.


**Figura 40. Gráfica; modalidade laboral do primeiro emprego**




**Figura 41. Gráfica; modalidade laboral do primeiro emprego por xénero**



**Figura 42. Gráfica; modalidade laboral do primeiro emprego por grao do ciclo**




**Figura 43. Gráfica; modalidade laboral do primeiro emprego por provincia do centro**




O 13,3% dos titulados de FP que comezaron traballando por conta allea no sector privado contaban xa cun contrato laboral “indefinido” no seu primeiro emprego. Neste caso os contrastes máis grandes apréciáanse en función da provincia do centro, ao destacar A Coruña co 15% e Ourense, con menos do 10%.

No caso do sector público, as tipoloxías de contratación amosan contrastes máis notorios que no privado. No primeiro emprego, o persoal laboral é a modalidade de contratación maioritaria. Entre os homes existe unha proporción de funcionarios que é máis do triplo que as mulleres (12,8% fronte a 3,7%). Os titulados en ciclos de grao superior repártense máis dispersos por todas as categorías de contrato mentres os de grao medio concéntranse no 74,5% na categoría de “persoal laboral”. Por provincias, cabe subliñar que os titulados en centros de Lugo que traballan no sector público son funcionarios no 14,7% e que en Ourense máis do 80% son persoal laboral.

**Figura 44. Gráfica; tipo de contrato no primeiro emprego, sector privado**



**Figura 45. Gráfica; tipo de contrato no primeiro emprego, sector público**



**Figura 46. Táboa; tipo de contrato no primeiro emprego no sector privado por xénero, grao do ciclo e provincia do centro**

		Indefinido	Temporal, por obra e servizo	Temporal, menos de 6 meses	Temporal, entre 6 e 12 meses	Temporal, máis de 12 meses	Sen contrato	Externo, autónomo	Outros	Total
Xénero	Xénero masculino	13,8%	22,3%	20,9%	19,6%	8,1%	1,3%	2,8%	11,2%	100%
	Xénero feminino	12,8%	18,8%	24,8%	22,9%	7,5%	2,3%	4,0%	7,0%	100%
Grao do ciclo	Grao medio	13,8%	18,3%	24,6%	22,2%	9,0%	1,7%	3,0%	7,4%	100%
	Grao superior	12,9%	22,6%	21,2%	20,3%	6,7%	1,9%	3,7%	10,6%	100%
Provincia do centro	A Coruña	15,0%	18,0%	24,2%	20,6%	7,8%	1,9%	3,8%	8,6%	100%
	Lugo	12,2%	22,2%	24,1%	18,7%	7,2%	0,4%	4,5%	10,6%	100%
	Ourense	9,7%	25,5%	20,6%	24,5%	7,6%	2,0%	3,6%	6,6%	100%
	Pontevedra	12,4%	22,2%	21,2%	22,0%	8,0%	2,1%	2,5%	9,7%	100%

**Figura 47. Táboa; tipo de contrato no primeiro emprego no sector público por xénero, grao do ciclo e provincia do centro**


		Funcionario	Interino	Persoal laboral	Contratado administrativo	Bolseiro	Total
Xénero	Xénero masculino	12,8%	10,7%	58,3%	7,1%	11,0%	100,0%
	Xénero feminino	3,7%	8,1%	65,0%	8,0%	15,1%	100,0%
Grao do ciclo	Grao medio	6,0%	6,6%	74,5%	2,8%	10,2%	100,0%
	Grao superior	8,8%	11,3%	52,1%	11,7%	16,2%	100,0%
Provincia do centro	A Coruña	3,9%	5,6%	65,0%	7,8%	17,7%	100,0%
	Lugo	14,7%	6,5%	64,2%	0,0%	14,7%	100,0%
	Ourense	0,0%	4,0%	81,2%	4,0%	10,7%	100,0%
	Pontevedra	8,6%	14,1%	55,4%	11,7%	10,2%	100,0%

- **Categoría laboral do primeiro emprego**


As categorías de “técnicos especializadas” e “peón, auxiliar ou empregado en posto que non require FP” son nas que desempeñaron maioritariamente os seus postos os titulados de FP ao rematar o ciclo formativo. Hai contrastes que son moi ilustrativos. A categoría de *técnicos* é a máis habitual no primeiro emprego dos homes e das persoas tituladas en ciclos de grao superior. Pola contra para mulleres e persoas tituladas en ciclos de grao medio é máis común que desempeñen un posto que describen como *peón e auxiliar*.

Novamente Ourense, a provincia con menor nivel de inserción laboral, amosa datos que indican que probablemente ese emprego sexa de menor calidade xa que o 57,4% desempeña postos de *peón ou auxiliar*, unha categoría que non chega ao 45% no primeiro emprego dos titulados no resto de provincias galegas.


**Figura 48. Gráfica; categoría profesional no primeiro emprego**




**Figura 49. Gráfica; categoría profesional no primeiro emprego por xénero**



**Figura 50. Gráfica; categoría profesional no primeiro emprego por grao do ciclo**



**Figura 51. Gráfica; categoría profesional no primeiro emprego por provincia do centro**




- **Localización do primeiro emprego**

Para comentar o apartado da localización e interpretalo é preciso aclarar un troco na metodoloxía de traballo desta enquisa respecto ás precedentes. Ofreceuse a opción dar resposta online, polo que pode supoñerse que puido favorecerse un mellor acceso a titulados e tituladas que non tivesen dispoñibles os números de teléfono facilitados. Este factor podería afectar cunha maior incidencia ás persoas tituladas que residan no estranxeiro.

O 0,9% de titulados e tituladas de 2013-14 comezou traballando “no estranxeiro”. Só supera en dúas décimas o dato de 2 anos atrás, aínda que pode supoñerse que naquela enquisa o dato podía ser inferior ao real, o actual máis fiable debido á mellora na metodoloxía. Os principais focos de emprego en Galicia están nas provincias de A Coruña e Pontevedra, que concentran ao 79,3% do emprego. No último cadro destaca que na provincia A Coruña obteñen os seu primeiro emprego a máis do 7% das persoas tituladas na provincia de Ourense e Pontevedra, e ao 4% dos titulados en Lugo.

Ourense só o 6,2%. Nos ciclos de grao superior obsérvase máis mobilidade ao estranxeiro para acadar o primeiro emprego. Por provincias, o máis salientable é o 4,7% de persoas tituladas en Lugo que van traballar a outras Comunidades Autónomas españolas.

**Figura 52. Gráfica; localización primeiro emprego**




**Figura 53. Gráfica; localización do primeiro emprego: comunidades autónomas**


Localización		% de titulados que traballaron
Galicia	A Coruña	41,9%
	Lugo	11,7%
	Ourense	6,2%
	Pontevedra	37,4%
Comunidade de Madrid		0,6%
Cataluña		0,5%
Principado de Asturias		0,4%
País Vasco		0,3%
Andalucía		0,2%
Illas Baleares		0,2%
Canarias		0,2%
Extremadura		0,1%
Outras CCAA		0,1%




**Figura 54. Gráfica; localización primeiro emprego por xénero**



**Figura 55. Gráfica; localización primeiro emprego por grao do ciclo**



**Figura 56. Gráfica; localización primeiro emprego por provincia do centro**



**Figura 57. Táboa; provincia do primeiro emprego e provincia do centro**

Provincia centro	Provincia do primeiro emprego				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Fora de Galicia
A Coruña	87,2%	3,1%	0,7%	5,9%	3,2%
Lugo	4,0%	86,0%	2,1%	2,8%	5,2%
Ourense	7,4%	2,4%	83,8%	4,7%	1,8%
Pontevedra	7,2%	0,1%	1,1%	88,5%	3,2%


## 2.4. Descrición do emprego actual

- **Relación entre o ciclo formativo cursado e o posto de traballo desenvolvido no emprego actual.**


O 63% de persoas tituladas declara que o emprego que desempeña na actualidade ten relación co ciclo formativo cursado (dous anos máis tarde de rematar os estudos). Esta situación mellora en case 3 puntos o de dous anos atrás (60,5%). Como en toda a serie, o valor é inferior que no primeiro emprego que desempeñaron tras rematar o ciclo formativo (máis do 64% traballaban no sector).

O grao de permanencia laboral dos homes no mesmo sector do ciclo cursado supera en máis de 12 puntos á das mulleres. Por grao do ciclo as diferenzas son pequenas. Por provincia do centro, as persoas tituladas da provincia de Ourense son os que volven amosar peor nivel de inserción (só o 53% dos empregos están relacionados co ciclo cursado). Neste caso os resultados son ben diferentes respecto á enquisa de fai dous anos, en que Lugo e Ourense tiñan as mellores taxas de continuidade no sector, co 68 e 69% respectivamente.


**Figura 58. Gráfica; relación entre o ciclo cursado e o emprego actual**




**Figura 59. Gráfica; relación entre o ciclo cursado e o emprego actual por xénero**



**Figura 60. Gráfica; relación entre o ciclo cursado e o emprego actual por grao do ciclo**




**Figura 61. Gráfica; relación entre o ciclo cursado e o emprego actual por provincia do centro**

- **Vías de acceso ao emprego actual**


O 18,5% de titulados de FP accedieron ao emprego que desempeñan dous anos máis tarde a través da empresa onde realizaron a Formación en Centros de Traballo. O dato é practicamente idéntico ao de dous anos atrás. É salientable que este recurso sexa a vía de inserción do 20% de homes fronte ao 16% de mulleres. Por provincias, Ourense só acada o 10% de titulados en empresas onde realizaron as prácticas. Este resultado é coherente co do apartado anterior, que indicaba que é a provincia con menor proporción de titulados traballando en empregos relacionados co ciclo formativo cursado. Tamén é Ourense a provincia en que menor proporción de titulados acada o emprego a través de *Contactos persoais ou profesionais*.

De igual maneira que co primeiro emprego, as principais vías de inserción, aparte das empresas onde realizan as prácticas, son *contactos persoais ou profesionais* e *solicitud de iniciativa propia*. Esas dúas categorías son as máis mencionadas tamén segmentando a mostra por xénero, grao do ciclo e provincia.


**Figura 62. Gráfica; acceso ao emprego actual a través da empresa na que realizou a FCT**




**Figura 63. Gráfica; outras vías de acceso ao emprego actual**




**Figura 64. Gráfica; acceso ao emprego actual a través da empresa na que realizou a FCT por xénero**




**Figura 65. Gráfica; outras vías de acceso ao emprego actual por xénero**




**Figura 66. Gráfica; acceso a emprego actual na empresa en que realizou FCT por grao do ciclo**




**Figura 67. Gráfica; outras vías de acceso ao emprego actual por grao do ciclo**



**Figura 68. Gráfica; acceso a emprego actual na empresa na que realizou a FCT por provincia do centro**



**Figura 69. Gráfica; outras vías de acceso ao emprego actual por provincia do centro**




• **Modalidade laboral do emprego actual**

O 84,9% de titulados que traballan na actualidade, desempeñan empregos por conta allea no sector privado.


Teñen máis representación aquí os homes, xa que as mulleres tituladas que traballan teñen maior presenza ca os homes no sector público (+4,7%), e por conta propia (+2,6%).

